



O Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) entregoulle a súa máxima distinción ao director do operador galego nunha cea de gala na Toxa

O director de R, Alfredo Ramos, 'Enxeñeiro do Ano' 2024

- ***O xurado valorou a traxectoria profesional e a contribución ao desenvolvemento tecnolóxico de Galicia de Alfredo Ramos, vencellado a R dende os seus inicios e agora tamén a MASORANGE en Galicia.***
- ***No seu período como director, R traspasou as súas fronteiras, forneceu Galicia na COVID de servizos avanzados de telecomunicacións e na comunidade estendéronse a fibra simétrica e máis a cobertura 5G.***
- ***Ramos recibiu o premio nunha cea de gala na XXVIII Noite das Telecomunicacións e da Sociedade da Información de Galicia do COETG, na illa da Toxa.***

Sábado, 21 de setembro de 2024.- O director de R e de MASORANGE en Galicia, Alfredo Ramos, recibiu onte á noite o galardón de 'Enxeñeiro do Ano' 2024, máxima distinción que anualmente outorga o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia para recoñecer o labor e a traxectoria dun/dunha profesional neste eido. O acto de entrega desenvolveuse no contexto da XXVIII Noite das Telecomunicacións e da Sociedade da Información de Galicia do COETG durante unha cea de gala no Gran Hotel da Illa da Toxa (O Grove-Pontevedra).

Para a concesión do premio o xurado valorou a contribución de Ramos ao desenvolvemento tecnolóxico de Galicia como partícipe activo no equipo que puxo en marcha o primeiro operador galego de telecomunicacións, R, e actualmente en MASORANGE en Galicia. Tamén se tivo en conta a súa implicación persoal para lles dar pulo a proxectos pioneiros en Galicia dende comités de dirección de entidades estratégicas como Gradiant ou a Asociación para o Progreso da Dirección (APD); e ponderouse, así mesmo, o compromiso do director de R co avance na creación de empresas e aceleradoras e coa Cátedra R en Ciberseguridade.

Na súa intervención tras a entrega do premio Alfredo Ramos puxo o acento no papel clave que as persoas, profesionais e familia tiveron ata a data nos seus logros e no anhelo co que naceu o proxecto de **R**: *“Cun magnífico equipo e traballo arreo ofrecemos unha competencia real e efectiva no mercado, reducindo a fenda dixital e consolidando a marca de telecomunicacións preferida polos galegos e polas galegas, facendo realidade o soño dun grupo de enxeñeiros que voltamos a Galicia para impulsar este proxecto.”*

Tamén se detivo na historia máis recente do operador galego: *“...con **R** integrada en MASORANGE, seguimos innovando dende Galicia, cun forte compromiso de investimento para mellorar a calidade e a cobertura dos servizos, como a despregadura do 5G no rural. Este esforzo non só consolida o legado de **R**, senón que tamén sitúa a Galicia á vangarda das telecomunicacións a nivel nacional.”*

O galardoadado puxo igualmente o foco no futuro e falou dun horizonte farto de oportunidades para enxeñeiros e enxeñeiras de telecomunicación, á beira dunha nova era cos referentes da intelixencia artificial e da computación cuántica, que xa están a revolucionar as nosas vidas. No devir e construción dese futuro cheo de posibilidades Ramos incidiu no papel esencial que cómpre teña o exercicio da Enxeñaría de Telecomunicacións.

No seu período como director, **R** traspasou as súas fronteiras, forneceu Galicia na COVID de servizos tecnolóxicos avanzados e na comunidade estendéronse a fibra simétrica e máis a cobertura 5G.

É a segunda vez que un director de **R** recibe o premio ‘Enxeñeiro do Ano’. En 2006 Arturo Dopico, primeiro director do operador galego, acadou tamén esta distinción senlleira do COETG, a que agora recolle, coa mesma ilusión e agradecemento, Alfredo Ramos.

ANEXO _ Currículo de Alfredo Ramos



Alfredo Ramos *currículum vitae*

Alfredo Ramos, director de R e de MASORANGE en Galicia, conta cunha traxectoria de máis de 25 anos no sector das telecomunicacións. Foi peza clave en todas as etapas de R, o operador galego de telecomunicacións por fibra óptica, dende a súa creación en 1998 ata a súa integración en 2015 no Grupo Euskaltel. A partir desa data formou parte do comité executivo do grupo como director de negocio primeiro e, máis tarde, como director comercial para todas as súas marcas, e foi responsable do lanzamento comercial de Virgin Telco a nivel nacional.

En 2021, tras a adquisición de Euskaltel polo Grupo MASMOVIL, asumiu a dirección de R e do Grupo MASMOVIL en Galicia. Dende marzo de 2024 representa tamén as marcas de Orange no territorio, tras a fusión de ambos os dous operadores, a que conformou MASORANGE, novo grupo líder en servizos de telecomunicacións de todo o Estado.

Ademais, Alfredo Ramos preside o padroado de Gradiant (Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia), forma parte do Consello Reitor de APD Noroeste, do Comité de Innovación de Unirisco e do Comité de Dirección do Clúster TIC de Galicia. Dende decembro de 2018 impulsa a Cátedra R en Ciberseguridade, a primeira cátedra interuniversitaria das Universidades da Coruña e Vigo.

Alfredo é Enxeñeiro de Telecomunicación pola Universidade de Vigo, Máster en Xestión de Empresas TIC pola EOI e Máster en Dirección Comercial e Marketing pola UIE. Ademais, completou programas de desenvolvemento directivo no IESE, Intelixencia Artificial no MIT e Goberno Corporativo na Columbia Business School.